

AVELAINA



SUMARIO

Sección 1



TÍTULO COMPLETO DEL
ARTÍCULO.
Por NOMBRE DEL AUTOR.



TÍTULO COMPLETO DEL
ARTÍCULO.
Por NOMBRE DEL AUTOR.

Sección 2



TÍTULO COMPLETO DEL
ARTÍCULO.
Por NOMBRE DEL AUTOR.



TÍTULO COMPLETO DEL
ARTÍCULO.
Por NOMBRE DEL AUTOR.

*“Si queda espacio, podemos usar una cita de un
personaje relevante en el mundo del
medioambiente”*

Edita: C.P.I. dos Dices. Dices S/N, 15911-
Rois.

Tfno.981804270.cpi.ois.dices@edu.xunta.

Director : Javier Santiago Caamaño

Fotografías: Javier Santiago Caamaño

Diseño y maquetación: Alumnos /
profesores del centro correspondiente.

Javier Santiago Caamaño
X.D. de Bioloxía e Xeoloxía



Os novos carteiros

En Galicia hai unha creencia que dí que cando unha avelaiña entra nunha casa é sinal de que se vai recibir unha carta. Hoxe en día xa case ninguén agarda ao carteiro cando aparece unha destas volvoretas, pola contra, as novas tecnoloxías permiten transmitir información a unha velocidade de vértigo posibilitando a comunicación entre persoas alonxadas milleiros de kilómetros en pouco máis do que dura un suspiro. As avelaiñas seguen a ser as mesmas, pero nos xa non. En menos anos dos que caben nunha vida, temos provocado un Cambio Climático que xa nos está afectando coas súas graves consecuencias. Abanderados dun irracional desenvolvemento, imos a toda presa nunha tola carreira por chegar o antes posible a non sabemos onde . Neste contexto, e ao abeiro do Proxecto Climántica, nace a revista *Avelaiña* , coa que pretendemos investigar, difundir e concienciar sobre a problemática do cambio climático no noso concello, e posibilitar así o nacemento dun novo espírito cara a nosa terra.



Fotografía: Javier Santiago Caamaño



O rio Rois

A mortandade de troitas no río Rois é un suceso periódico achacable a unha industria próxima que verte os seus residuos sen depurar directamente ao río. A pesar de que a industria presume dun tratamento ecolóxico dos residuos, o certo é que o desaugue está a vista, e a flora e a fauna próxima mostra evidentes signos de deterioro.



Título artículo

ut odis elita comnit faccusam quiatem quamenimin nations erferepta denetur, nobitas qui nonsedipicim quam ipsuntibus, officienis earumetus diam eum, sum quae parchita si sumquodit ut doluptat pa dit, sit volorio is dolut que duciment eiur alibus ea sitio ipsusciatur?



O noso centro

Dentro dos traballos relacionados co cambio climático, chegamos a conclusión de que o noso centro precisa mellorar en moitos aspectos controlando o uso das luces, o consumo de papel, aproveitamento da luz natural, etc.



Título artículo

ut odis elita comnit faccusam quiatem quamenimin nations erferepta denetur, nobitas qui nonsedipicim quam ipsuntibus, officienis earumetus diam eum, sum quae parchita si sumquodit ut doluptat pa dit, sit volorio is dolut que duciment eiur alibus ea sitio ipsusciatur?





Xosé Manuel Penas Patiño
Profesor C.P.I. dos Dices

Cal é a viaxe que che gustaría facer?

Cecais ir aos museos británicos e a Stonenhenge.

Estás lendo algún libro na actualidade?

Sí. "A España Inexplorada" que Chapman e Buck escribiron hai cen anos.

Cal foi a última película que viches no cine?

A de Océanos, pero casi non vou ao cine.

Tes algún proxecto en expectativa?

Agora mesmo plantar un pouco de leituga e xudías de enrame alto.

Título entrevista

Javier Santiago Caamaño

Xosé Manuel Penas Patiño naceu o un de Xuño de 1950 en Santiago de Compostela. Profesor de CC. Naturais do C.P.I. dos Dices (Rois) dende 1976, foi socio fundador da Sociedade Galega de Historia Natural, e alcalde de Rois polo B.N.G. de 2003 a 2007. Entre as súas obras destacan "Cetáceos, Focas e Tartarugas das Costas de Galicia (Xunta de Galicia, 1989) e a Guía das Aves de Galicia (Edit. Baía, última edición 2004).

Javier Santiago:

¿cómo xurdiu a túa afección polo medio natural?

Xosé Manuel: A culpa a ten a Marisma de Baldaio, de onde é a miña nai. De rapaz era un paraíso, onde era posible ver unha garza, unha víbora, uns parrulos e o primeiro que se

oía o espertar eran os chíos dos pardais

J.S. Está o medio ambiente galego ben conservado?

X.M. Hai problemas graves como os lumes, contaminación dos ríos, ocupación do litoral, as urbanizacións, a perda de diversidade, monocultivos, cambio climático,...

J.S. ¿Qué fitos destacarías na conservación dos ecosistemas galegos?

X.M. A creación de espazos naturais protexidos (Corrubedo, Enciña da Lastra, Illas Atlánticas,) aínda que tamén de especies como o lobo, a pita do monte, o arao, os anfibios. Pola

contra os resultados non sempre foron positivos.

J.S. ¿Dá moito choio facer unha guía de aves?

X.M. Moitísimo. A redacción da última edición levou entre 8 e 14

horas diarias durante dous meses.

"Os resultados da conservación non sempre foron positivos"

J.S. ¿afectou

moito o cambio climático as aves galegas?

X.M. Hay especies migradoras que chegan antes, ou xa nin se marchan.

J.S. ¿Pódese loitar desde unha alcaldía contra o cambio climático?

X.M. Moito. Potenciar o transporte colectivo, as enerxías alternativas, o tratamento ecolóxico dos residuos. Tamén depende dos cartos que teñas.

J.S. E por último. ¿a mocidade actual está máis concienciada?

X.M. Hay de todo, pero o Prestige demostrou que están ahí.



Os anfibios de Rois van a menos

Javier Santiago Caamaño

O 27 de Maio no Castelo de San Antón (Oleiros) foi presentado o vídeo “Anfibios: de príncipes a mendigos” no IV Congreso Escolar de Educación Ambiental “ESPACIOS PARA CONSERVAR” organizado polo CEIDA, organismo dependente da Universidade. Durante 4 meses o grupo de

Urxe conservar as fontes, lavadoiros abandonados, ríos e minas de auga .

estudo percorreu as fontes, ríos, lavadoiros abandonados e minas de auga na procura de anfibios. Tamén recolléronse historias e creencias sobre os anfibios

relacionadas coa saúde ou o medio natural. Nas conclusións constatouse a perda de hábitats, e sómente pódese constatar a presenza de 6 especies, das once que figuran no Atlas de Vertebrados de Galicia para a zona.

Asimismo, constatouse a necesidade de recopilar os coñecementos dos veciños en relación aos anfibios

O “aire”

Según relatou aos investigadores unha veciña do lugar, o tropezar cunha píntega os nenos collían “o aire” o que se notaba porque a pel se lles



Grupo de alumnas que durante a presentación do proxecto no Castelo de San Antón (Oleiros)

poñía blandiña e perdían peso. Para votalo fora, era preciso que unha persoa chamada Maria o lavara nun camiño sacramental con auga collida de sete fontes.

Un veciño relatou que o mal dos bronquios curábase poñendo catro rás abertas sobre o peito e a espalda do doente.



Entrada a una mina de wolfram abandonada en Rois

As minas de Rois

Javier Santiago Caamaño

Estes días estase procedendo a catalogar e explorar as minas de Rois, así como valorar a súa importancia como refuxio para a fauna do concello

Amfibios, réptiles e morcegos

As minas de Rois son fundamentalmente minas de auga, algunhas de ata douscentos anos de antigüidade, aínda que tamén hai unha vella mina de Wolfran de reducido tamaño. O longo do presente traballo, puidemos constatar a presenza de anfibios como rás patilongas, pintafontes e saramantegas, réptiles como a cobra de auga e morcegos de distintas especies.



Arbores senlleiras do Concello de Rois

Javier Santiago Caamaño

Un estudo realizado por alumnos e alumnas do noso centro permitiu localizar e catalogar as árbores senlleiras do noso concello.

A metodoloxía de traballo consistiu en repartir entre o alumnado unha ficha na que farían constar a presenza de árbores na súa aldea que destacaran por algún motivo especial: tamaño, antigüidade, rareza ou por estar relacionado con algún acontecemento social o relixioso.

Unha vez recollidas as fichas procediuse a seleccionar aqueles que “a priori” despertaron maior interés, para, seguidamente proceder a desplazarnos ao lugar e tomar datos biométricos referentes a altura, diámetro do tronco, anchura de copa así como outros



Piñeiro manso (*Pinus pinea*) de gran tamaño na Casa do Bispo

referentes ao ano de plantación e a súa historia.

Catorce especies catalogadas

Dos numerosos exemplares estudados, seleccionáronse 14 para formar o catálogo, elaborándose un tetráptico que foi distribuído entre os alumnos do centro. Árbores como as oliveiras de Seira, o piñeiro manso da Casa do Bispo, a faia do Pazo de Antequera, a corcheira de Silvarredonda ou o freixo común do Pazo do Faramello, constitúen novos valores no concello gracias ao traballo levado a cabo desde o instituto. Non menos importante foi a concienciación entre os veciños da importancia de conservar as árbores, non disimulando o seu orgullo porque as súas árbores figuren no catálogo elaborado, converténdose eles mesmos

en protectores deste patrimonio de Rois.

As oliveiras

Durante o desenvolvemento do traballo, chamounos a atención os magníficos exemplares de oliveiras atopados, destacando dúas na Igrexa de Seira as que se lle calculan douscentos anos de antigüidade, así como outros en fincas particulares, o que confirma o aprecio que os habitantes do concello teñen cara a estas árbores. Salientamos sen embargo a chamada Oliveira Santa no lugar de Silvarredonda que tras sobrevivir milagrosamente a varios incendios, hoxe en día os veciños collen as súas ramiñas para bendecir en Semana Santa.



